

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE MARZO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 27 de marzo de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D^a. Carla Candia Paz, por delegación do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 3b, 8a, 8b, 9a, 9b e 10a)
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 2c e 4a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8c, 9c e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 20 de marzo de 2018**

Retírase da orde do día por falta de quórum.

b) Acta do 22 de marzo de 2018

Retírase da orde do día por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto "Vigo Vertical", cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:



1. I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATEGICA, S.L.
2. SERVIDUIDE CONSULTORIA, S.L.
3. XEDEGA S. COOP. GALEGA
4. UTE DESSA URBANISMO SLNE - GARCIA-ALEN ASESORES, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
5. VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.
6. ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.

b) Outorgar un prazo de tres días hábiles á UTE NORFORMACIÓN, S.L.- CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. Ao concorrer ambas empresas en UTE, deberán presentar dúas declaracións (unha por cada empresa) asinada por persoa con poder de representación, ou ben unha declaración conxunta asinada por persoa con poder de representación de cada unha das empresas.

A documentación dos sobres B e C (que aínda non se abriron) tamén debe vir asinada polos apoderados de ambas as dúas empresas; se non é así, poderían emendar, antes da súa apertura, ambas proposicións mediante escrito no que ambos apoderados manifesten que subscriben a proposición presentada para esta licitación na data 23 de marzo de 2018 (número de Rexistro 180043783), sen que en ningún caso adianten o contido das ofertas.

2. Así mesmo, deben indicar o correo electrónico que se empregará como medio de notificación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co/s licitador/es.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
 2. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. - CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 60%-40%)
 3. ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
 4. UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L. - C.D. INDEPO, S.L.U. (porcentaxe de participación na UTE 60%-20%-20%)
 5. FCC CONSTRUCCIÓN, S.A.
 6. DRAGADOS, S.A.
 7. UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- RAMÍREZ, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
8. COPCISA, S.A.
 9. UTE CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS - COPISA, CONSTRUCTORA PIRENAICA, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 10. OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.
 11. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - C. OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
 12. UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 70%-30%)
 13. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. - ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. UTE FERROVIAL AGROMAN E ORECO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%). Deberán presentar o compromiso formal de constitución da unión temporal asinado por persoa con poder de representación de cada unha das empresas e nomear a unha persoa como representante da UTE (non a unha das empresas) (artigo 24 RD 1098/2011, do 12 de outubro).
2. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA. Declara que pertence a un grupo de empresas e indica "*NON participan en esta licitación que teñamos coñecemento ningunha empresa do grupo*". Para os efectos previstos no artigo 86 do RD 1098/2011, do 12 de outubro, cómpre que declare con certeza se algunha das empresas que pertencen ao seu grupo concorren a esta licitación e, no se caso, cales.
3. VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. Declara que pertence a un grupo de empresas, polo que deberá indicar se outras empresas do grupo concorren a esta licitación e, no seu caso, cales. Así mesmo, deberá declarar que se compromete a adscribir á execución do contrato os medios esixidos no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.

* VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. só declara na súa declaración responsable posuír unha das clasificacións esixidas no PCAP (G-6-4). No entanto, polo Servizo de Contratación se realizou a consulta pertinente no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, onde se puido comprobar que posúe tamén a outra clasificación esixida (J-1-4).

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 22 de marzo de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles a EMSEBUR, S.L. para que emendase a documentación persoal (concretamente, que declarase posuír a solvencia esixida no prego de cláusulas administrativas particulares).

Durante o prazo concedido, EMSEBUR, S.L. presentou a documentación requirida.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a EMSEBUR, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua (5.143-440)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou conceder un prazo para a emenda da documentación persoal.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do Concello de Vigo (12.941-306)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	LICITADORES	Prezo	Incremento anual horas libre disposición	Baixa prezos unitarios (modificación)
1	EMSEBUR, S.L.	925.892,00 €	300	16,00%
2	MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L.	969.823,23 €	300	11,21%

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asiste á sesión D. David Méndez Cepeda, con DNI 33.299.669-Q, en representación de EULEN, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor e conceder un prazo de tres días hábiles a EMSEBUR, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido na cláusula 13.5C e no apartado 7B do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela (4.962-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 23 de marzo de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitador que se indica a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto das obras das novas gradas de Gol e Marcador, dun aparcadoiro soterrado e dun proxecto conxunto do estadio municipal de Balaídos (5.036-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de data 22 de marzo de 2018, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. UTE G.O.C, S.A. - NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
2. UTE GALAICONTROL, S.L. - HERMOSO & HEIMANNSFELD ARQUITECTOS, S.L.P. - LUIS COLLARTE RODRÍGUEZ

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, o enxeñeiro Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira Industrial de Vías e Obras o 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación do 23 de marzo de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440)**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de implantación da vía ciclista entre Teis e Samil (5.106-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,76
2	VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES, S.A.	93,52
3	DRAGADOS, S.A.	91,83
4	CIVISGLOBAL, S.L.U.	89,27
5	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. - AIRAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	89,49
6	UTE C.D. INDEPO, S.L. - HIDROMIÑO, S.L.	88,68
7	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	86,39
8	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	86,15
9	EXTRACO, S.A.	85,35
10	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,68
11	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	83,27
12	CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,74
13	UTE PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	79,75
14	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.U.	78,95
15	FERROVIAL AGROMAN, S.A.	77,03
16	COPCISA, S.A.	75,97
17	UTE API MOVILIDAD-ECCASAS	74,73

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 851,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613)



Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (350-613) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L.	100,00
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,19
3	ITMA, S.L.U.	69,09
4	LIMPIEZAS CIES, S.L.	68,25
5	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	67,88

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR LIMPIEZAS , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.887,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 09:28	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA945-CFD7B3-ED2AD2-DEYU6T-3AZ1ST-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		